



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/1/2014	CONYIOAE
1W0E4C6D6G591S2C07UE	

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DO SOBRE 2 (PROPOSICIÓN TÉCNICA), REFERIDO Á DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR, PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN

Sendo as doce horas e tres minutos do día 15 de abril de 2014, reúnese a Mesa de Contratación formada do seguinte xeito:

Presidente:

D. José Manuel Blanco Suárez, alcalde-presidente.

Vogais:

Dna. Pilar Suanzes Hyde, secretaria accidental.

D. Manuel Guillermo Antón Villamil, interventor accidental.

D. Guillermo Sánchez Fojo, concelleiro delegado de Seguridade Cidadá.

D. Eduardo Pita García, intendente xefe da Policía Local

Secretaria da mesa:

Dna. Begoña Rodríguez Albo, auxiliar administrativa do departamento de Contratación

Á hora indicada o presidente procede á apertura da sesión, e por parte da secretaria da Mesa dase conta da reunión mantida para cualificar a documentación administrativa presentada polas empresas licitadoras, e comunícase que foron admitidos todos os licitadores presentados:

- PROSEÑAL: SEÑALIZACIÓN VERTICAL, HORIZONTAL Y SEGURIDAD VIARIA
- BARRERAS DE SEGURIDAD SL
- DIEZ Y CIA SA, SEÑALIZACIÓN VERTICAL
- PARQUET ALBANESE SL
- INDUSTRIAS SALUDES SAU
- BELELLE FERROL, SL
- API MOVILIDAD, SA
- TUIMIL ELECTRICIDAD SA
- UTE PATRICIO CABEZAS SA (PACASA) Y SEÑALIZACIÓN Y MOVILIDAD VIAL SL (SEYMO).

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público, e a cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, procédese á apertura do sobre 2 da proposición técnica que contén os criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, dándose a coñecer o contido dos mesmos, e dando traslado dos mesmos aos servizos técnicos para o seu informe.



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

Non sendo outro o obxecto do acto, a Presidencia da por rematada a reunión, ás doce horas e trece minutos da data sinalada no encabezamento, da que eu como secretaria dou fe, estendéndose a presente acta que asino co visto e praxe do Sr. Presidente.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA